



## APE GALICIA – NOVAS

- Tapeapio
- XVIII Premios Pontevedreses del año
- Exposición Felipe VI. Una década de la historia de la Corona de España"
- Cointega
- Comida De Confraternidad Instalectra
- Premios nacionais do comercio interior
- Foro La Región
- Presentación oficial en Vigo de Fundación Isonor
- HCC - Recepción de las Autoridades de Galicia
- FOROESGAL - Día da Economía Social Galega
- Curso primeros auxilios Lugo

## TAPEAPOIO

O pasado O presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas e Silvia Crespo como vicepresidenta, asistiron á gala de clausura do certame gastronómico TapeaPoio 2025, celebrada no emblemático Pazo de Colón, un evento que puxo o broche de ouro a unha iniciativa que se consolidou como referente no ámbito culinario da comarca.

TapeaPoio 2025 permitiu degustar 24 propostas gastronómicas de alta calidade en 20 establecementos repartidos por todo o Concello de Poio, converténdose nun escaparate da creatividade e do talento do sector hostaleiro local. O certame destacou pola elevada participación do público e a implicación dos profesionais, cun impacto notable tanto a nivel económico como turístico. Ademais, repartíronse premios valorados en máis de 7.500 euros, que supuxeron un importante estímulo para todos os implicados.

A asistencia de Ape Galicia a este acto reflicte o compromiso co impulso da hostalaría como sector estratégico e co apoio a iniciativas que dinamizan o tecido empresarial galego, reforzando o valor da nosa identidade cultural e gastronómica.



## XVIII PREMIOS PONTEVEDRESES DEL AÑO

A cidade de Pontevedra celebrou a XVIII edición dos Premios Pontevedreses do Ano, organizados polo Diario de Pontevedra, co obxectivo de recoñecer a persoas e entidades

destacadas en ámbitos como o deporte, a cultura, a empresa ou a acción social.

Entre os galardoados estiveron a piragüista Antía Jácome, a empresa Krack, o urólogo Manuel Ruibal, a Coral Polifónica de Pontevedra, a asociación Asampo, e o pintor Rafael Úbeda, quen recibiu o Premio de Honra.

O acto contou coa presenza do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e do presidente da Deputación, Luis López. Tamén asistiu José Ramón Caldas, presidente de APE Galicia, en representación da entidade, reforzando así o seu compromiso co tecido empresarial galego.



## EXPOSICIÓN “FELIPE VI. UNA DÉCADA DE LA HISTORIA DE LA CORONA DE ESPAÑA”

O presidente de APE Galicia, José Ramón Cadas, e a vicepresidenta, Silvia Crespo, acudiron o pasado 5 de xullo á inauguración da exposición conmemorativa polos dez anos de reinado de S. M. o Rei Felipe VI, que tivo lugar no emblemático Casino de Alumnos “Almirante Bonifaz” da Escola Naval Militar de Marín.

A mostra, cargada de simbolismo, rende tributo á traxectoria do monarca e á súa contribución ao fortalecemento das institucións do Estado ao longo da última década. Ademais, supón unha oportunidade para aprofundar no papel da monarquía parlamentaria e da Armada na historia recente de España.

Desde APE Galicia, valoramos moi positivamente este tipo de iniciativas que fomentan a conexión entre a cidadanía e as institucións, e que serven para reivindicar o valor da memoria colectiva e do compromiso institucional coa sociedade.



### **COINTEGA**

O pasado 6 de xuño, o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e a vicepresidenta, Silvia Crespo, asistiron ao Ciclo de Obradoiros Téxtil, unha iniciativa organizada por Cointega – Clúster Textil-Moda de Galicia que reuniu a profesionais do sector nun espazo pensado para aprender, compartir e innovar.

A sesión arrincou coa intervención de Pablo Ferreirós Bennett, experto en neuromarketing, quen explicou como coñecer mellor os procesos de decisión dos clientes e transformar os seus puntos de dor (pains) en oportunidades de venda. A súa visión práctica e directa permitiu aos asistentes comprender novas formas de conectar co consumidor e mellorar os resultados comerciais.

A continuación, Raúl Ordóñez (@jaspeante) puxo o foco na intelixencia artificial como ferramenta estratéxica, ofrecendo exemplos reais sobre como aplicala no día a día do sector: desde o deseño de escaparates ata a creación de contido visual e textual adaptado aos distintos públicos. A súa intervención deixou claro que a IA non é futuro, senón presente, tamén para os pequenos negocios.



Desde APE Galicia, valoramos moi positivamente este tipo de espazos que combinan formación, inspiración e rede profesional. Apostar pola innovación non é só unha opción: é o camiño para reforzar a competitividade e facer medrar un sector clave para Galicia.

### **COMIDA CONFRATERNIDAD de INSTALECTRA**

O pasado sábado 7 de xuño, a vicepresidenta de APE Galicia, Silvia Crespo, e o presidente, José Ramón Caldas Martínez, asistiron á comida anual de confraternidade organizada por Instalectra, un encontro que puxo en valor o papel fundamental do sector eléctrico galego.

O presidente de Instalectra, Diego Padín, iniciou a xornada cunha mensaxe contundente: “A intelixencia artificial nunca poderá substituír o traballo dun electricista”, un recoñecemento merecido para todo o colectivo.

Durante a comida compartiron momentos de complicidade co propio Diego Padín, Ignacio Piñeiro, Carolina Rodríguez Santano, o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e D. Eugenio Fernández, xefe de servizo de Industria da Xunta de Galicia.



### **PREMIOS NACIONAIS DE COMERCIO INTERIOR**

O pasado 10 de xuño, APE Galicia participou na gala dos Premios Nacionais de Comercio Interior, organizada polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa. Unha cita de referencia a nivel estatal que pon en valor o esforzo e compromiso co comercio de proximidade.

Estes premios, creados por orde do 16 de xullo de 1997, teñen como finalidade recoñecer a labor dos concellos na renovación urbana comercial, dos pequenos comercios no seu desenvolvemento e modernización, e tamén dos Centros Comerciais Abertos (CCA), modalidade incorporada posteriormente. En cada categoría establécese un premio principal, dous accésits e, cando se considera oportuno, mencións especiais.

Na edición deste ano, Compostela Monumental foi distinguida cun dos accésits na categoría de CCA, un recoñecemento merecido ao seu traballo constante e innovador no ámbito do comercio urbano.



Desde APE Galicia, xunto á Xunta de Galicia representada polo director xeral de Comercio, Gabriel Álvarez Osmo, acompañamos e arroupamos á nosa comunidade galega neste acto tan relevante, celebrando en común o valor do comercio como motor económico e social.

Foi un pracer compartir esta xornada coa secretaria de Estado de Comercio, Amparo López Senovilla, coa que mantivemos un enriquecedor intercambio de visións sobre os retos e oportunidades do sector, e coa que xa temos previsto un próximo encontro para seguir avanzando na defensa e promoción do comercio galego.

### **FORO LA REGIÓN**

O pasado 12 de xullo, Silvia Crespo, vicepresidenta, e José Ramón Caldas Martínez, presidente de APE Galicia, asistiron en representación da asociación a unha xornada enriquecedora celebrada en Ourense, onde compartiron impresións con destacados profesionais como Xosé Pastoriza Martínez, director de La Región, Julio Vila Pérez, David Martínez Alonso e o experto José Manuel Amor.

O acto contou coa participación da Xunta de Galicia, representada pola directora xeral do Igape, Cristina Toca, quen presentou ao relator e subliñou a importancia da innovación e a cooperación público-privada para impulsar a competitividade e abrir novas oportunidades de negocio en Galicia.

Durante a sesión abordáronse temas clave como o impacto das políticas proteccionistas, a evolución dos conflitos xeopolíticos e as tendencias macroeconómicas globais, cuestións que afectan de forma directa ao tecido empresarial galego.



## PRESENTACIÓN OFICIAL EN VIGO DE FUNDACIÓN ISONOR

El pasado jueves 12 de junio, Grupo Isonor celebró en Vigo la presentación oficial de la Fundación Isonor, una iniciativa que nace con el objetivo de impulsar una sociedad más saludable, equitativa y sostenible.

El evento reunió a destacados representantes del ámbito institucional, empresarial y académico, en una jornada enriquecedora centrada en los retos y oportunidades del desarrollo empresarial responsable y la promoción de estilos de vida saludables.

Durante el acto se destacó el papel que la Fundación Isonor quiere desempeñar como agente de cambio, promoviendo iniciativas de impacto social positivo desde una perspectiva ética y comprometida con el bienestar colectivo.



En representación de APE Galicia, asistieron José Ramón Caldas, presidente de la entidad, y Silvia Crespo, quienes respaldaron con su presencia este nuevo proyecto alineado con los

valores de responsabilidad social y desarrollo sostenible que defiende la asociación.

## RECEPCIÓN DE LAS AUTORIDADES DE GALICIA - HCC

O pasado 13 de xuño, o presidente de APE Galicia asistiu ao acto institucional organizado polo Honorable Corpo Consular de Galicia no Pazo da Raposeira, en Vigo, un espazo recentemente rehabilitado que recupera o seu valor histórico ao servizo da cidadanía.

Nun ambiente de cordialidade e colaboración, o encontro reuniu a representantes do corpo diplomático, institucións públicas e entidades sociais e económicas, consolidándose como un espazo de diálogo e proxección para Galicia no ámbito internacional.

Un acto que reforza os lazos institucionais e internacionais, e que pon en valor a cooperación entre entidades como ferramenta clave para seguir construíndo unha Galicia aberta, conectada e con visión de futuro.



## FOROESGAL- DÍA DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

APE Galicia participou o pasado luns 16 de xuño en Santiago de Compostela na nova edición do Día da Economía Social Galega

Este encontro anual reúne ás cinco principais entidades que representan a economía social en Galicia: Agaca Cooperativas, AESGAL, AEIGA, Espazo Coop e Cegasal, que xuntas conforman o ForoESGal. Desde a súa creación en 2018, este espazo fomenta o diálogo e a colaboración para

poñer en valor o papel transformador da economía social na nosa comunidade.

Durante o acto desenvolveuse unha mesa redonda especial na que participaron fundadores como José Antonio Vázquez, Pepe Montes, Miguel Fernández e Eduardo Salido, xunto ás actuais representantes do Foro, Ana Olveira e Carmen Rodríguez. Xuntos, fixeron un repaso polo traballo realizado polo ForoESGal ao longo destes anos.

A cita contou co apoio institucional da Xunta de Galicia, representada pola directora xeral de Trballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño; o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández López; e o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco. Ademais, estivo patrocinada por Caixa Rural, cuxo presidente, Manuel Varela, participou activamente no evento.

Desde APE Galicia reafirmamos o noso compromiso coa economía social como unha ferramenta fundamental para xerar emprego sostible, impulsar a cohesión territorial e promover un desenvolvemento inclusivo en toda Galicia.



Durante o curso, as persoas asistentes aprenderon a aplicar técnicas básicas de atención ante emerxencias, como a reanimación cardiopulmonar (RCP), o uso correcto do desfibrilador, así como a actuar ante hemorraxias, queimaduras e atragoamentos. Esta iniciativa busca mellorar a preparación e seguridade no ámbito laboral, reforzando o compromiso de APE Galicia coa saúde e a prevención entre o colectivo autónomo e as pequenas empresas.



## **CURSO PRIMEROS AUXILIOS**

APE Galicia organizou un curso presencial de Primeiros Auxilios e uso do Desfibrilador (DESA) en Ferrol e Ourense, financiado pola Xunta de Galicia e en colaboración co Grupo Isonor. A formación desenvolveuse nas instalacións de COFER en Ferrol e AEPA en Ourense, combinando unha parte teórica online cunha sesión práctica de 6 horas.



Para mais información, visita a nosa web:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



<https://www.instagram.com/apegalicia/>

# APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Dirección: Gagos de  
Mendoza N°2, Bajo 2 -  
36001 Pontevedra

